

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA E AENA, S.M.E. S.A., PARA A REALIZACIÓN DE CONTROIS SANITARIOS VOLUNTARIOS NO AEROPORTO DE A CORUÑA CON MOTIVO DA CRISE SANITARIA PROVOCADA POLA COVID-19**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade e a entidade pública empresarial AENA, S.M.E, S.A, veñen de formalizar o instrumento convencional arriba referido, quedando vinculada a súa vixencia á duración do actual estado de alarma declarado polo Goberno da Nación mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e prorrogado mediante o Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, para conter a propagación de infeccións causadas polo virus SARS-CoV-2

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A cesión gratuíta, por parte de AENA, dos espazos situados no aeroporto de A Coruña indicados no convenio, coa finalidade de que a Consellería de Sanidade poida realizar gratuitamente os correspondentes test de detección do virus ás persoas procedentes do resto de Comunidades Autónomas e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, debendo esta Consellería aportar os medios materiais, persoais e técnicos necesarios.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional formalizado fundaméntase na necesidade de ofrecer aos/as pasaxeiros/as de chegada á Coruña, procedentes dun aeroporto nacional, a posibilidade de realizar de forma voluntaria un test de antíxenos de detección da COVID-19, todo elo coa finalidade de conter a propagación do virus, á vista da evolución da situación epidemiolóxica na área de A Coruña. A detección temperá do virus permitirá así

poñer en marcha sen demora as medidas sanitarias debidas, contribuíndo deste xeito a evitar a propagación da enfermidade na nosa comunidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non puideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do devandito instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

